

Samuel Eiján. 2018. *Poesía reunida*. Santiago de Compostela: Provincia Franciscana de Santiago, Xunta de Galicia, Real Academia Galega. 509 pp.

A obra recensionada contén unha compilación da produción poética de Samuel Eiján en lingua galega, acompañada dunha introdución e dun estudo arredor da figura do persoeiro. A obra encomeza cunha tríade de sucintas presentacións da man dos portavoces das institucións que fixeron posíbel a edición do libro. Primeiro, Fr. José Antonio Castiñeira Chouza, como Ministro da Provincia Franciscana de Santiago, seguido por Valentín García Gómez, en representación da Secretaría xeral de Política Lingüística, e Víctor F. Freixanes, como Presidente da Real Academia Galega. Nas súas declaracións destacan o labor dos editores, ó facer rexurdir unha produción poética xa centenaria na súa etapa inicial, ademais de achegar un estudo sobre a vida e a obra de Eiján.

Precisamente, os estudos sobre a figura de Eiján e a súa poética, da man de Francisco Leira e Armando Requeixo, resultan de especial interese, pois ademais de ser responsables do traballo de edición da obra contextualizan a súa biografía, por unha banda, e a súa produción poética, pola outra. O estudo sobre as diferentes vertentes de Eiján por parte dos editores, canda o seu traballo de compilación, resulta nun breve mais pormenorizado estudo arredor da obra poética e a figura do propio Eiján.

Na primeira parte que conforma o bloque de estudos, autoría de Francisco Leira, achégase un breve mais minucioso labor que contextualiza no tempo o entorno de Eiján a través da exposición de datos de carácter sociolóxico e histórico. Ofrécese interesante información sobre os intereses do poeta e da súa actividade intelectual e literaria, nas palabras do mesmo Leira (p. 20) “O

que se pretende destacar deste personaxe tan complexo é o seu papel como narrador, poeta e difusor da cultura. [...] Foi novelista, escribiu relatos curtos, poeta, tradutor, profesor e ensaísta”. Non obstante, Leira afonda tamén na pegada do autor en diferentes ámbitos da súa vida, como é a súa relación co asociacionismo característico da época ou a súa actividade na prensa. Asemade, tamén ofrece información sobre a posición ideolóxica de Eiján que, ó mesmo tempo, deixa entrever a súa visión no referente á cultura:

Defendía un galeguismo ligado ao folclore e á tradición aínda que tamén foi un frade que apoiou certas medidas modernizadoras do franciscanismo, como as organizacións sociais da orde. [...] O seu obxectivo era defender os dereitos do catolicismo, pero a través da cultura e o ensino (p. 21).

Despois dun repaso histórico polos convulsos acontecementos da primeira metade de século e das posicións de Eiján nas cuestións que lle atanguían como membro da igrexa e como intelectual, achégase unha enumeración descritiva do resto da súa obra. Leira tamén introduce pequenos comentarios sobre as publicacións de Eiján fóra do ámbito poético en galego ó ligar publicacións, como *La tercera orden franciscana en la vida social* ou *El socialista modelo*, ó plano social da época. Asemade, tamén se informa sobre a súa participación na actividade xornalística, como foi o protagonismo que adquiriu dentro da publicación *El Eco Franciscano*.

Deseguido, na sección de Requeixo, “A teopoética de Samuel Eiján: da Terra ao ceo”, que precede á reprodución da produción lírica do poeta, afóndase sobre a xénese da súa poesía: por unha parte achégase información sobre as fontes literarias das que bebeu para conformar o seu proxecto poético, mais tamén do periplo bibliográfico das obras e, inclusive, dalgunhas das súas edicións. Este feito faise notable no caso de *Mágoas*, obra da que se inclúe a *editio princeps* de 1902 e a segunda, que resulta unha variante desta primeira, saída do prelo en 1913. Requeixo afonda na poética de Eiján de modo transversal, empregando unha lectura comparativa da súa obra e analizando constantes e pulsións que vertebran a súa poética, emporiso, non se deixa de prestar atención ás mudanzas experimentadas en canto ó seu estilo. A análise de Requeixo vai dende a tradición herdada por Eiján e o seu labor poético até unha análise detallada dos versos que achega a compilación levada a cabo. Non obstante, tamén se fai un repaso polos demais fitos literarios e vitais nunha sección titulada “Outros versos”. No referente á dimensión temática da obra poética, Requeixo (p. 68) sintetiza os elementos claves do seguinte xeito:

Os tres libros de poesía que publicou na nosa lingua teñen como columna vertebral esta idea, que irisa en subtemas varios como a saudade da infancia, o laio pola dureza da emigración, a loa de Deus, a atención á institución e culto relixiosos, a contraposición de materialismo e espiritualidade, a proxección da melancolía vital na contemplación da paisaxe ou a percepción da vida como un val de bágoas, tránsito fatigoso cara á eterna felicidade do Alén no Señor.

Ó comentario sobre a compoñente temática da poética de Eiján súmase unha atenta análise dos tropos empregados e da retórica que caracteriza a súa poesía en lingua galega. O aspecto formal ten grande relevancia dentro da produción poética de Eiján, pois existe na súa escrita un afán de purificación estética. No referente ó estilo do autor, Requeixo (p. 50) afirma o seguinte:

En canto ao capítulo estilístico, os trazos retóricos que caracterizan toda a poética de Eiján xa figuran apuntados neste primeiro libro: emprego abundante de paralelismos, anáforas, quiasmos, epnadiptoses, anadiptoses, concatenacións, epnadiptoses, figuras etimolóxicas e outros tropos por repetición; utilización expresiva de exclamacións e invocacións; predominio do símil sobre a metáfora; profusión adxectival; inserción frecuente de diálogos e emprego ocasional do retrouso.

Deste xeito é como se expresa o contido que conforma a “teopoética” de Samuel Eiján, segundo a denominación achegada no estudo. Despois dunha análise polo miúdo de cada unha das obras incluídas na obra compilatoria, o propio Requeixo (p. 68) conclúe de modo prudente que é necesario contemplar a totalidade da produción literaria do autor para conformar unha constelación de obras que manteñen relacións intertextuais entre elas:

Todo este territorio teopoético concrétase en cada unha das tres obras nunha estrutura distinta, mais cunha retórica e estética parellas, un universo de influencia común e conexións coincidentes cos libros de versos en castelán do autor.

Por outra banda, o mesmo acontece na sección ofrecida por Leira, na cal se fai consciente da necesidade de incorporar outros escritos de Eiján para ter unha comprensión completa e profunda da súa obra ou para conformar unha imaxe das influencias e detonantes propias do contexto sociopolítico das producións. Véxanse as palabras de Leira (pp. 31-32) sobre a posición referencial de Eiján como difusor cultural:

Aos libros editados neste volume habería que sumar os escritos en prensa católica como *Yó*, *San Antonio* ou *Revista Franciscana* e sumar as escritas en castelán

onde defende un rexionalismo galego moi arraigado nese momento dentro do clero e patente en publicacións como *Cuadros de mi tierra* e *Aleteos. Versos Rexionais*. Así mesmo, a súa presenza en medios laicos é moi forte.

No referente ó traballo de compilación, resulta de interese a inclusión das dúas versións de *Mágoas*, pois permite unha lectura comparativa que amosa os cambios de estilo na escrita de Eiján. A valía da obra reduplicácase, pois ademais de concentrar a produción poética en galego do autor achega estudos que serven para informar e pór en coñecemento do lectorado algunhas cuestións pertinentes no referente á figura de Samuel Eiján. Unha posta en valor dunha poética afastada da contemporaneidade, mais relevante como produto dunha época, testemuño histórico, dunha figura inserida nun eido tan característico como o clerical e que co seu legado tratou de dignificar a cultura galega a través de tódolos medios que tivo á súa disposición.

Raúl Costas Pereira

Universidade de Santiago de Compostela/
Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades